

Marqués de L'Hôpital (París, 1661-1704)



Guillaume François Antoine, marqués de L'Hôpital, foi un matemático francés.

O seu logro máis coñecido é a chamada regra de L'Hôpital, que se emprega para calcular o valor límite dunha fracción onde o numerador e o denominador tenden ambos os dous a cero ou a infinito.

En 1696 publica o primeiro libro de texto coñecido sobre cálculo diferencial, *L'Analyse des Infiniment Petits pour l'Intelligence des Lignes Courbes* (Análise dos infinitamente pequenos para o entendemento das liñas curvas), e nel inclúe as clases recibidas do profesor J. Bernoulli.

En 1694 Bernoulli e L'Hôpital acordaron que L'Hôpital lle pagaría trescentos francos anuais a Bernoulli para que lle transmitise os seus descubrimentos, e que logo L'Hôpital os describiría no seu libro.

En 1704, tras a morte de L'Hôpital, Bernoulli revelou o trato e asegurou que a maioría dos descubrimentos que aparecían no libro eran seus.

En 1922 atopáronse documentos que apoiaban a tese de Bernoulli.

Non obstante, L'Hôpital non tratou de aproveitarse do descubrimento da regra que leva o seu nome. Publicou o seu libro anonimamente, e na introdución agradece a axuda prestada por Bernoulli.